



CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

BANDO DA ALCALDÍA

Estimadas/os veciñas e veciños;


Compráceme dirixirme a todas e todos vós nunha ocasión tan especial para anunciar o inicio da Feira e Festa de As San Lucas.

Que nos vindeiros días celebraranse as **Feiras e Festas de “As San Lucas”**, as Feiras máis antigas de Galicia e por tanto un dos principais activos turísticos da nosa localidade. Que o equipo de goberno é consciente da complexidade deste evento así como dos trastornos que da súa organización se derivan para a cidadanía. Polo tanto, **solicítase a comprensión e a colaboración dos veciños e veciñas de Mondoñedo para velar, entre todos, polo seu correcto desenvolvemento ao tempo que aproveitamos para pedirllas desculpas polas molestias ocasionadas, informando que as medidas restritivas ou limitativas obedecen a indicacións de seguridade** .

O equipo de goberno vese na obriga de adoptar as seguintes medidas co fin de velar pola seguridade dos veciños, veciñas e visitantes, sendo varias delas requisitos en relación ás emerxencias e seguridade, así como para contribuír ao correcto desenvolvemento e organización das nosas feiras e festas máis emblemáticas polo que **durante os días 16, 17, 18, 19 e 20 de outubro**:

Estas festividades son unha oportunidade para celebrar e desfrutar, pero tamén para recordar a importancia da convivencia e o respecto mutuo. Por elo, quero recordar algunhas das boas prácticas adoptadas que se deben gardar e servizos dos que se disporán.

1. IDENTIFICACIÓN DOS ESPAZOS DA FESTA



2. BOTELLÓN

Está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques, prazas públicas e outros lugares de tránsito públicos. O incumplimento desta medida podría conlevar unha multa ou sanción.

3. VASOS DE CRISTAL

Está **prohibido o uso de vasos de cristal no campo da festa** co fin de garantir a seguridade dos asistentes e para facilitar o mantemento e manipulación nas labores de limpeza.

4. REFORZO DE CONTEDORES

A limpeza dos residuos xerados e responsabilidade de todos e cada un de nos, por elo, as nosas rúas contarán cun reforzo de contedores para manter limpas, na medida do posible, as zonas públicas e tratar de reducir a cantidade de residuos ciscados.

7. AMPLIACIÓN HORARIA

Que se **autoriza a ampliación en dúas horas (2 horas)** dos horarios xerais de finalización das actividades recreativas relativa ás «**festas ou verbenas**»

8. SUSPENSIÓN DE OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA.

Non poderá superarse en ningún caso durante o período horario e os días en que estea vixente a suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica, **o límite máximo de 87 dB de índice de inmisión de ruído**, avaliado conforme aos métodos e procedementos establecidos no Anexo IV do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, **a excepción da zona delimitada como campo da festa na que non se poderá superar** en ningún caso durante o período horario e os días en que estea vixente a suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica, **o límite máximo de 95 dB de índice de inmisión de ruído**.

9. NORMAS A CUMPRIR

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento de vehículos polo centro desta cidade, salvo vehículos autorizados, dende o mércores, día 16 ata o domingo, día 20 de outubro (incluídos).

- Queda prohibida a circulación na Avenida Carlos Folgueira dende a confluencia á altura do Supermercado Día ata intersección coa N-634 Pk 591.8 dende o xoves, día 17 ata o luns, día 21 de outubro.

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento no Campo da Feira. No caso de vehículos que transporten gando ou maquinaria, só se permitirá a súa carga/descarga nos horarios que a organización estableza e nunca se permitirá o seu estacionamento.

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento na Alameda de Os Remedios, salvo vehículos autorizados. É obrigatorio deixar libre o acceso rodado ao Centro de Saúde desde a Travesía Carlos Folgueira así como o acceso a Alameda e ata o propio edificio.

- Queda prohibido a circulación de vehículos e estacionamento na Praza do Seminario dende o xoves, día 17 ata o domingo, día 20 de outubro; con motivo da celebración do mercado semanal e a montaxe do escenario do concerto que se levará a cabo o sábado, día 20 de outubro.

- Queda totalmente prohibido colocar postos non autorizados dende o antigo Centro Comarcal incluíndo a fachada do mesmo, situado na Rúa Julia Pardo, en toda a Rúa Guevara, Rúa Bispo Sarmiento, Marina Mayoral; salvo vehículos autorizados.



- Queda prohibido a colocación de postos na Rúa Vicedo, salvo expresa autorización.
- Queda prohibido a colocación de postos na zona do Hospital San Pablo e Centro médico.
- Tódolos postos deberán contar con autorización expresa.
- Estarán habilitados como aparcadoiros municipais nestas datas as fincas de Hipólito, unha fronte ao antigo aserradeiro en San Lázaro e xunto á estación de autobuses no Carrascal, Avda. De Ferrol, Campo do Obispado e Alcántara.

O que se fai público para xeral coñecemento

Mondoñedo, na data da sinatura

O Aldalde, Manuel Ángel Otero Legide

BOAS FESTAS A TODAS AS VECIÑAS, VECIÑOS E VISITANTES E OS MEUS MELLORES DESEXOS!

